

**Iria Bragado**

# **FRUSTRACIÓN**

*A Fernando*

*Na escena aparecen tres mulleres sentadas en tres cadeiras de brazos. As dúas dos laterais chamadas **B** e **C** miran cara adiante. **B** parece mudar de canais a televisión que se sitúa no lugar do público. **C** come flocos de millo mentres mira a televisión. Varias cámaras situadas na escena recollerán a información dos distintos canais de televisión. Estes canais serán as imaxes do mesmo público dende distintos ángulos. Estas imaxes proxectaranse ao mesmo tempo que sucede a escena. **A** comeza a falar con certa ansiedade.*

**A-** As verdadeiras obras de teatro, atópanse na casa de cada unha de nós. Todos os días o mesmo teatro, ou similar teatro baseado na repetición, de canons de conduta sociais que eu detesto, e que eu reproduzo a pesar de detestar. Todos os días as mesmas palabras, rutineiras e tranquilizantes, que fan que a vida non se mova, que quede onde está, ancorada, sen rumbo, sen órbita natural. O teatro de verdade é ese de cada día, ao que estamos suxeitos, queiramos ou non, porque aínda que o pensemos como absurdo non paramos de participar do absurdo, do teatro escuro e terrorífico, do medo que se sente ao toparse atrapada, ante a mentira, atrapada ante a verdade de ser a mentira e participar diariamente, de calquera xeito no que é o que foi, no que é o que é, e no malo que será o que temos por vir, por repetir ese teatro do absurdo cando cruzamos a porta da casa, cando cruzamos a porta do choio, a porta da escola, a porta da familia, cando cruzamos a porta da sociedade e nos transformamos, no que nos transforman os outros, e non deixamos de transformar ao resto, porque non podemos parar de facer merda, xa que de merda nos fixemos, e dar voltas, para dentro, e para fóra, e mirar por todas as fiestras dos grupos de amigos, e de amigas, e mirar por todas as fiestras das ca-

sas das persoas, e ver como viven, e ver que vivimos igual, e saber que ese é o teatro verdadeiro, que é asumido, sen medo, sen nervios, sen ensaios, pura improvisación sen reflexión que nos converte no que somos, no que seremos, no que deixaremos de ser, e así formaremos parte da historia do teatro do medo, e do que hai que dicir, e do que hai que facer, e do que hai que temer, a quen debemos temer, e a quen debemos amar, e porqué e como debemos sexualizar, sexualizar e onde atopar os sexos, e así seguiremos falando entre amigas, entre fiestras, e portas da cuarta parede do teatro da vida, do forzado, sen risas, con medo, o de todos os días. Do teatro do prozac e da depresión, do teatro da comida enlatada e plastificada, e *encartonizada*, e *pestificada*, e *quimiquizada*, e o amor de consumo, e os teitos sen luz, e a paz sen lugar, e a guerra en papel impreso que non sabe arder, e o teatro, como sempre presente na cola do supermercado, na cola do banco, na cola do comedor social, na cola da vida, e na cola da vida o amor, e por diante da cola, o medo, e na man do medo os cartos, e o tempo, e as vidas, e o teatro negro, escuro, terrorífico teatro da vida baleiro de contido, baleiro de verdade, encadeado teatro de represións e de angustias e de ziprexa, prozak, retrovirais, quimioterapias, antilépticos, funguicidas, e dor no día a día deste teatro, na cola do banco, na cola do súper, na cola da vida, na cola das furnas, na cola das caixas do Zara, da roupa da dor do teatro de sempre das persoas sen horas, sen vida, sen luz, sen amor, sen vento, sen nada, sen ritmo, sen órbita, sen equilibrio, neste teatro, terrorífico, escuro e trágico, o da vida, o das fiestras e portas e luces de sombras, o das chabolas, e as pontes pechadas por debaixo e os colchóns e os sacos na rúa, e os carteis pedindo comida, e ti, (*A érguese da cadeira e móvese polo teatro*) teatro, teatro, teatro, teatro, teatro, teatro, teatro. Tea-tro. Tea-tro. Teatro. Teatro. E ti amor, teatro. Teatro. Teatro. Teatro. Teatro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-

tro. Teatro. Teatro. Teatro. Teatro. Teatro. Teatro, e a luz, Teatro, e a voz, teatro, teatro, teatro, tea-tro, tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Tea-tro. Teatro!!!

**B e C** permanecen nas súas cadeiras de brazos.

**B-** E non di nada que non saibamos, e queda así tan ancha, e tan poética, como se fixese algo.

**A-** Que dis?

**C-** Pois di que con esa túa profundidade poética, tampouco fas nada.

**A-** Que?

**B-** Pois iso, que te cres moi, distinta.

**C-** Moi profunda.

**B-** Moi poética.

**A-** Pe.

**B-** Andas a querer rizar o rizo, e non tes razón.

**A-** Teño, razón.

**C-** Tes e non tes razón.

**B-** Sabémolo xa.

**C-** Todo iso.

**A-** Toda a exposición.

**B-** Pois si, todo iso que ti dis sabémolo.

**C-** Sábeo todo o mundo.

**B-** Todo o mundo.

**C-** E por máis que o repitas, para este lado, ou para o outro, non vai mudar nada.

- A-** Poderei facer unha reflexión, non?
- B-** Unha e todas as que queiras.
- A-** Hoxe soamente se me ocorre esa.
- C-** Carallo que humildade.
- B-** Que pasas aí, rimando dez minutos, sobre as miserias da humanidade.
- A-** É o que me sae.
- C-** Humildade é o que a ti che falta.
- A-** A min humildade?
- B-** Humildade fáltache.
- C-** E o seguinte a humildade.
- B-** Tamén che falta.
- A-** Pero, claro que me falta humildade.
- B-** Pois, xa tes que dicilo.
- C-** É que sempre te estás a culpar.
- B-** E sempre tes que ter a derradeira palabra tortuosa,e...
- C-** Profunda. E que sei eu.
- A-** Pois isto ,é o que hai, eu non podo parar, de ser como son e torturarme, e xirar, e reflectirme, no papel e na vida, e non poder deixar de moldearme de distintos xeitos, e de reciclarme, e de amar e sufrir, e de torturarvos. Eu non podo deixar de ser, quen son, das culpas, e das palabras tortuosas, do espazo..
- B-** Nese espazo.
- C-** Nese espazo estamos tres.
- B-** Así que deixa o protagonismo.
- C-** Iso, deixa o protagonismo, e esa actitude de estirada.
- A-** Estirada?

**B-** Moi estirada.

**A-** Pero se eu...

**C-** Estirada...

**B-** Es estirada de máis e estamos fartas de ti, porque temos ganas de facer cousas, cousas distintas, e non nos deixas.

**C-** Quéixaste e quéixaste, pero a culpa é túa, e non por máis que te queixes vai mudar o mundo.

**B-** Eu o que quero e masturbarme, en calquera lugar, por exemplo, en público.

**C-** Eu confórmome con que me deixes vivir en paz e desaparezas, ou te agoches, porque..

**B-** Mira, que xa non te aturamos máis.

**A-** Pero non podeades vivir sen min.

**B-** Podemos, podemos.

**C-** Seguro que nos apañamos.

**A-** E o profundo o complicado e o tortuoso e a fermosura desta vida de sufrir relatada en verso, que? A ver se credes que isto teno todo o mundo?

**B-** Eu non creo nada, non penso nin nada diso, pero non pensar non significa que eu deixe de ser, e de saber, o que pasa é que non me dá a gana de facer, e de sentir todo, así con eses problemas e esa tortuosidade, porque ti es en parte o problema. Eu quero mexar, cando teña ganas, e comer, e durmir, cando me apeteza, sen que aparezas ti, co teu puto manto negro, a falarme en verso, e a dicirme o malo de durmir fóra de hora.

**C-** Con vivir un pouco máis tranquiliña, xa, non pedía máis.

*A volve sentar na súa cadeira de brazos.*

**A-** Pero eu soamente sei ser tortuosa, e profunda, e dar culpabilidade alí onde me atopo, e arrepentirme de ser eu, e odiarme por existir, e todo iso, as follas do outono caendo no chan mollado e os vermes que saen debaixo das follas molladas, e o son do pisar as follas cos zapatos, e dos vermes que viven debaixo delas, e a morte dos vermes por culpa dos meus zapatos, e así é como é a vida, así é como é, doce e angustiosa, e as palabras acompáñannos e os ritmos lévannos, e as verdades aparecen como luces que nos iluminan, detrás e diante, e os minutos son curtos, e nótanse máis no inverno, porque hai menos luz, porque hai menos Sol, e o Sol é o meu centro, porque sen el a vida non existiría, e porque eu teño un Sol, e porque non paro de amar, e aspirar a dor da vida, e porque debo arrepentirme, da vida, que teño e que son, e que fago, e de modificar a vida, porque en cada segundo, ou milésima a vida é outra da que foi, porque morreu o tempo pasado, e o que vén será mais vida, máis dor, máis amargor e amor.

**B-** Case me convenciches.

**C-** Claro que colle un ritmo.

**A-** Un ritmo da hostia.

**B-** Ei que dis ti.

**C-** Non fales así de mal.

**B-** Co ben que che estaba quedando o poema.

**A-** Improviseino.

**C-** A humildade que brille pola súa ausencia, non?

**A-** Cada un é como é.

**B-** Pois a ver se chegamos a un acordo e nos deixas máis ao noso aire.

**C-** Porque colles moito protagonismo, e non nos deixas respirar.

**A-** Son tal como son.

**B-** Tal como es si, pero déixanos vivir un pouco en paz, compañeira.

**C-** Descansa un pouco, porque, como vas tan rápido no teu.

**B-** Es boa, é certo, pero pensa en nós.

**C-** Máis baixiño.

**B-** E máis, menos. Vamos que menos tema profundo, e esas cousas que se che dan tan ben, pero que non nos deixan respirar.

**C-** Máis caladiña, faralo mellor cando fales.

**A-** Non creo que poida.

**B-** Non es ti quen fala.

**C-** E que é o superego.

**B-** E o superego é negativo.

**C-** Sempre é negativo.

**A-** Pero eu penso.

**B-** Demasiado.

**A-** Porque temos unha responsabilidade.

**C-** Unha responsabilidade moral, si, pero xa o sabemos.

**B-** E non o queremos saber,

**C-** Non queremos que nolo recordes, ata cando imos ó baño.

**A-** Entón que fago?

**B-** Reláxate. Durme.

**C-** Debes estar cansa, despois de pasar media vida, así. Durme un pouco.



**B-** Fuma un porro, ou algo así.

**C-** Eu teño un feito. Queres?

**A-** Non creo que pase nada malo porque me relaxe un pouco.

**B-** Que vai pasar.

**C-** Se xa non hai nada que facer.

**B-** O mellor é que pases o tempo que nos queda pasándoo ben, en vez de pasar o tempo torturándote.

**A-** Pero gústame rimar, e as voces, os ritmos e as cores das palabras.

**B-** Pois en vez de falar sobre que dura é a vida, mira que bonitiña é cando deixas de pensar.

**C-** E bebe un cuba-libre ou algo así, come un pastel de chocolate, merca algo.

**A-** Non necesito mercar nada.

**B-** Pois tráeme algo de comer.

**C-** E a min algo que estea de moda.

**A-** Se non sei a túa talla?

**C-** Temos a mesma.

**A-** E que queres?

**C-** O que sexa, pero que estea de moda.

**A-** E se me confundo de talla?

**B-** Trae a factura de compra, e outro día cámbialo, e así aproveitas , para mirar de novo o que hai.

**A-** Entón marcho.

*A colle o seu bolso que estaba colgado da súa cadeira de brazos.*

**C-** Colle o bolso.

**A-** Xa o collín.

**B-** Pois podíaslle dicir grazas polo menos, non si?

**A-** Grazas.

*A sae da escena.*

**C-** Espero que se dea conta de que estamos engordando un pouco.

**B-** Pois eu quero engordar.

**C-** Mágoa de superego.

**B-** Rima ben, pero...

**C-** Pero, hostias...

*B levanta o mando a distancia.*

**B-** A ver que poñen.

**C-** Quero o mando.

*B muda de canal.*

**B-** Xa está.

*Seguen sentadas diante do televisor de por vida.*